



INSTITUTO
GALEGO DE
ESTADÍSTICA



INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xuño 2022


Santiago de Compostela, 05 de agosto de 2022

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2022

- O Índice de producción industrial (IPI) de Galicia rexistrou en xuño de 2022 un avance do 5,5% con respecto a xuño de 2021, e a nivel nacional rexistrouse unha subida do 6,4%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 8,1% e os bens de equipo un 24,3% mentres que os bens intermedios caeron un 5,5%. Pola súa parte a enerxía retrocedeu un 3,5%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á a "fabricación de vehículos de motor" que achega 3,9 puntos, a "confección de roupa de vestir", que suma 3,6 puntos e a "fabricación de produtos metálicos" que engade 1,1 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores repercusións negativas destacan: a "industria da alimentación" que minora 2,2 puntos, a "producción de enerxía eléctrica" que resta 1,7 puntos e a "metalurxia", que resta 1,2 puntos á taxa interanual.

Índice de producción industrial (IPI). Xuño 2022



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xuño de 2022 rexistrou en Galicia un ascenso do 5,5% en taxa interanual, empeorando en 6,2 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (11,8%). En España rexistrouse un avance do 6,4%, inda que empeorando en 0,5 puntos con respecto á taxa acadada no mes anterior (6,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os bens de consumo presentan un crecemento do 8,1%, o que suma 2,4 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa do 24,3%, o que suma 5,4 puntos.
- Os bens intermedios baixan un 5,5%, cunha repercusión negativa do 1,7 puntos.
- Por último, a enerxía, que diminúe un 3,5% restando 0,6 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de maio de 2022, por destino económico, os bens de consumo empeoran 10,4 puntos, os bens de equipo empeoran 5,2 puntos, os bens intermedios empeoran 6,9 puntos e a enerxía empeora 1,7 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

As ramas máis destacables que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de xuño foron: a “fabricación de vehículos de motor” que achega 3,9 puntos, a “confección de roupa de vestir”, que suma 3,6 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que engade 1,1 puntos á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións negativas destacan: a “industria da alimentación” que minorra 2,2 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” que resta 1,7 puntos e a “metalurxia”, que resta 1,2 puntos á taxa interanual.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xuño moveuse entre o -4,7% de La Rioja e o 32,9% de Illes Balears.

Ademais da devandita, presentan taxas interanuais superiores á media estatal: Castilla - La Mancha (14,6%), Aragón (12,5%), País Vasco (12,1%), Canarias (8,4%), Madrid (8,4%), Comunitat Valenciana (8,2%) e Andalucía (7,5%).

IPI Xuño 2022 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra+.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xuño 2022

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	108,0	5,5	-1,3	--	--
Bens de consumo	146,1	8,1	12,3	2,4	3,2
Bens de equipo	109,4	24,3	-1,3	5,4	-0,3
Bens intermedios	118,1	-5,5	0,6	-1,7	0,2
Energía	64,0	-3,5	-20,2	-0,6	-4,4
España					
Xeral	113,2	6,4	3,5	--	--
Bens de consumo	113,0	6,0	6,1	1,6	1,6
Bens de equipo	121,2	10,5	3,6	2,4	0,8
Bens intermedios	116,0	-0,7	0,5	-0,2	0,2
Energía	101,4	14,5	5,2	2,6	1,0

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xuño 2022

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	5,5		-1,3		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	37,0	3,9	-10,8	-1,4	13,1
Confección de roupa de vestir	62,8	3,6	50,4	2,5	4,1
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	13,6	1,1	6,9	0,5	7,7
Fabricación de mobles	47,4	0,8	38,7	0,6	1,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	19,7	0,6	11,7	0,3	2,6
Industria química	28,8	0,4	26,1	0,4	1,5
Fabricación de bebidas	7,2	0,4	15,4	0,6	3,5
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	11,3	0,3	3,6	0,1	4,1
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	10,0	0,3	-8,4	-0,2	2,5
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	6,4	0,2	18,2	0,4	2,0
Industria téxtil	33,8	0,2	-0,4	0,0	0,6
Outras industrias manufactureiras	6,5	0,1	10,5	0,1	0,5
Industria do papel	0,8	0,0	-2,6	-0,1	2,2
Fabricación doutro material de transporte	-18,2	-0,2	-19,2	-0,2	2,0
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-21,4	-0,3	-32,2	-0,5	1,4
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-9,8	-0,6	30,2	1,4	3,6
Outras industrias extractivas	-37,2	-0,9	-9,7	-0,1	1,1
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	-22,0	-1,2	-18,0	-0,9	5,1
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-13,1	-1,7	-28,9	-5,2	22,3
Industria da alimentación	-13,2	-2,2	-0,9	-0,1	13,2
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xuño 2022

CCAA	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	113,2	6,4	3,5
Galicia	108,0	5,5	-1,3
Andalucía	108,7	7,5	5,0
Aragón	123,2	12,5	6,8
Asturias	108,1	3,4	2,7
Balears (Illes)	106,3	32,9	20,9
Canarias	92,6	8,4	5,6
Cantabria	113,0	-3,4	-0,6
Castilla - La Mancha	109,9	14,6	7,8
Castilla y León	95,8	-2,2	-3,9
Cataluña	110,0	3,3	1,7
Comunitat Valenciana	122,1	8,2	3,7
Extremadura	110,0	0,9	5,8
Madrid	117,4	8,4	5,2
Murcia	129,2	6,4	5,7
Navarra	127,7	0,8	4,7
País Vasco	120,3	12,1	6,7
Rioja (La)	83,2	-4,7	4,2

Fonte: INE